



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE XUÑO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

1º Tenente de Alcalde-Presidente: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Tenentes de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusa asistencia D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA
ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dez de xuño de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Manuel Costa Carneiro, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/05/2021)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día once de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación previa de obra de dona Lorena Casal Cerdeira. (Expediente número 2021/U026/000034)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Lorena Casal Cerdeira para acondicionamento de parede de vivenda e pavimentación nos arredores da mesma nos termos da documentación anexa.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000202400NH43G0000AH, emprazada en Silvaescura, 5 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e dous euros con trinta céntimos (#92,30#).

2.2.- Comunicación previa de obra de don Benito Pérez Alonso. (Expediente número 2021/U026/000039)



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Benito Pérez Alonso para instalación de piscina prefabricada de 6x3 m² nos termos da memoria técnica achegada asinada por don Saúl González Casás en calidade de Arquitecto-Técnico e de data 04/05/2021.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B502020850000TF, emprazada en Nande, 74 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e oito euros con cincuenta e seis céntimos (#88,56#).

2.3.- Comunicación previa de obra de don Luís Louzao Álvarez. (Expediente número 2021/U026/000043)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Luís Louzao Álvarez para construción de alpendre agrícola de 20,90 m², en solo cualificado polo vixente PXOM como rústico de especial protección agrícola (R2) nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de Arquitecto e de data 13/05/2021.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001600300NH43H0000MW, emprazada en Sobredo –San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e oito euros (#78,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de don Manuel Torres Tejo. (Expediente número 2021/U026/000044)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Torres Tejo para construción de peche no linde sur da parcela, con bloque, enfoscado e pintado, unha altura de 1,50 metros e 20 metros de lonxitude.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50210273, emprazada en Piñeiro –San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de 12 meses.



A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Josu Fachal Agrelo. (Expediente número 2021/U026/000045)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Josu Fachal Agrelo para rehabilitación de vivenda consistente en encintado de parte da fachada norte e cambio de tella e canlóns nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 00101300NH43F, emprazada en Vilar, 1 – San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados manténdose a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento dezaioito euros (#118,00#).

2.6.- Instancia núm. 202099900000447 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy UFD (Expediente núm. 2020/U022/000038)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita modificación da licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local de data 09/02/2021, para obras de subministración eléctrica para uso agrícola en Cibrán - Sales (San Xián), cunha rede de baixa tensión subterránea de 107 metros de canalización, segundo se indica na carpeta de permisos con número SGD: 618520080088 en Cibrán – Sales (San Xián) – Vedra (expediente núm.: 2020/U022/000038), en solo cualificado polo vixente PXOM como de Expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos da documentación técnica modificada e asinada por Rubén Fervenza Nicolás, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 16.216,51euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expdte: 2528/20), para a modificación solicitada, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda



conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada e de data 13/04/2021.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso se outorgarán por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal, compensándoa co imposto liquidado no acordo de data 09/02/2021 e que agora se modifica, que ascende á cantidade de sesenta e sete euros con catro céntimos (#67,04#) a ingresar.

2.7.- Instancia núm. 202199900000267 de don Luís Couto Souto. (Expdte. núm. 2021/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo solicita declaración de non necesidade de licenza de parcelamento de finca emprazada en Bazar – Trobe (San Andrés), neste termo municipal, ao estar cualificada polo vixente PXOM deste concello como Solo de núcleo rural (N-1), Solo de expansión dos núcleos rurais (N-2) e Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e nos termos da documentación técnica achegada asinada polos arquitectos don Manuel Cid Rodríguez Montaña e don Javier Ribadulla Montaña de data maio de 2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda declarar a non necesidade de licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Bazar - Trobe (San Andrés) e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



nos termos do mesmo, así como aprobar a liquidación de taxas correspondentes que se notificarán ao interesado.

2.8.- Comunicación previa de obra de don Asier Epelde Piñeiro. (Expdte. núm. 2021/U026/000047)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Asier Epelde Piñeiro para rehabilitación de vivenda consistente en lavado e pintado de fachadas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A507010320001SL, emprazada en Galegos, 2 – Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Instancia núm. 202199900000336 de dona Lourdes Lorenzo Fernández (Expdte. núm. 2021/U022/000017)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Castro, 27 – Ponte Ulla (expdte. núm.: 2021/U022/000017), en solo cualificado como “Solo urbano de baixa densidade. (U-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, planta baixa, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m, coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta e un presuposto de execución material de 18.560,00 euros, que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8562902NH4386S0001JD.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais con número de visado 2102872,2 e data 19/05/2021.



-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración nos arredores inmediatos e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos setenta e un euros con vinte céntimos (#371,20#)

2.10.- Instancia núm. 202100000000528 de don Pablo Figueroa Dorrego (Expediente núm. 2021/U022/000019)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Trobe (San Andrés) - Vedra, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a tella en edificación, catalogada polo vixente PXOM. B-61 e A-39, en Paizás, 4 – Trobe (San Andrés), (expdte. núm.: 2021/U022/000019), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1), cun orzamento de execución material de 16.000,00 euros, que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001100600NH43E0001EX.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 03/06/2021 (expdte: 1635/21), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio e ámbito catalogado polo vixente PXOM, e que se xunta ao presente acordo, coas seguintes determinacións: “Autorizar a renovación da cuberta da vivenda, coas condicións sinaladas no informe da arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural. No caso de afectar á estrutura da cuberta ou para calquera outra solución de cuberta distinta da autorizada, deberá presentarse nova solicitude de autorización, acompañada da documentación técnica correspondente. Por último, lémbrese que, en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a esta Xefatura Territorial, unha memoria final que incluírá fotos do estado inicial e final”.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos vinte euros (#320,00#).

2.11.- Instancia núm. 202199900000032 de Bonhomme Santiago, S.L. (Expediente núm. 2021/U022/000002)

Dáse conta da citada instancia na que don Daniel Alejandro Alonso Monteagudo, en representación de Bonhomme Santiago, S.L, solicita licenza para obras de reforma e acondicionamento de hotel, así coma da conexión aos servizos urbanos xa dispoñibles na vía pública que dá fronte á propiedade. As obras estarán divididas en traballos de interior e exterior. No interior: actualización de aseos e baños. No exterior: obras de conservación, limpeza de parcela e conexión con servizos urbanos, nos termos da documentación técnica achegada de data 10/11/2020 (COAG núm.: 4221), e o anexo de data 07/05/2021 asinados por don Pedro González Souto en calidade de arquitecto (expediente núm.: 2021/U022/000002).

As actuacións executaranse en solo cualificado como “Dos núcleos rurais, ordenanza de Finca Singular. N-3”, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cun orzamento de 95.966,71 euros, e cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000202200NH43F0001JI en Galegos, 6 – Vilanova (San Pedro) Vedra.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 28/05/2021 (expdte.: 451/21), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio e ámbito catalogado polo vixente PXOM, na que se resolve: Autorizar as obras descritas no proxecto denominado “Obras de reforma y acondicionamento en inmueble destinado a hotel”, asinado polo arquitecto Pedro González Souto, de data 10/11/2020, coas condicións sinaladas no informe da arquitecta e da arqueóloga do Servizo de Patrimonio Cultural. “... condicións:

1. Tras proceder á retirada das cachopas das palmeiras procederase a plantar dúas novas palmeiras, en substitución das anteriores.
2. Con carácter previo ao inicio das obras, deberá achegarse un proxecto de control e seguimento arqueolóxico para a súa autorización.
3. As obras non poderán empezar en tanto non sexa autorizado o proxecto de control arqueolóxico.
4. Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, poderán modificarse as condicións da autorización das obras”.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pedro González Souto e axustarase ás condicións sinaladas na autorización emitida por patrimonio cultural.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil novecentos dezanove euros con trinta e tres céntimos (#1.919,33#).

2.12.- Autorizacións de ocupación do dominio público.

Dáse conta dos seguintes expedientes municipais:

-2021/U026/000024 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. para instalación de 5 postes de madeira tipo 8E, Ref. 8213872 – 3499692, no lugar de Socastro – Ribadulla (San Mamede) nos termos da documentación técnica achegada de data 10/03/2021 e número de proxecto 8213872. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

-2021/U026/000026 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de 13 postes de madeira, no lugar de Nande – Sales (San Fins), Ref. 8199694 – 3490629, nos termos da documentación técnica achegada de data 06/04/2021 e número de proxecto 8199694. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

-2021/U026/000027 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira tipo 8E en terreo publico en Matelo, 28 – Sales San Xián), Ref. 8218197 - 3503479, nos termos da documentación técnica achegada de data 23/03/2021 e número de proxecto 8218197. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

-2021/U026/000032 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de tres postes de madeira emprazados no lugar de Gatente – Trobe (San Andrés), Ref. 8222322 - 3506979, nos termos da documentación técnica achegada de data 07/04/2021 e número de proxecto 8222320. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

-2021/U026/000036 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de seis postes de madeira tipo 8E en Xián – Trobe (San Andrés), Ref:8224964_3508660, nos termos da documentación técnica achegada de data 15/04/2021 e número de proxecto 8224964. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

2021/U026/000037 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalar tres postes de madeira en Romarís – Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 15/04/2021 e número de proxecto 8225088. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



-2021/U026/000038 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalar dous postes de madeira tipo 8E no lugar de Riveira – Sarandón (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 22/04/2021 e número de proxecto 8227015. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

-2021/U026/000040 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira tipo _8E_ en terreo público en Calzande – Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 23/04/2021 e número de proxecto 8227639. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

2021/U026/000041 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira tipo _8E_ en terreo público no lugar de Laraño – Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 23/04/2021 e número de proxecto 8227685. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido dos expedientes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada en cada un deles.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre nos expedientes aos que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble, poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.



3º.- Expedientes de licenzas de actividade.

3.1.- Comunicación previa ao inicio actividade de taller de reparación de mecánica agrícola (Exp. Número 2018/U019/000002)

Dáse conta da declaración responsable achegada por don David Fontao Navaza xunto coa que se achega documentación técnica asinada por don José Luis Sanmiguel Guerreiro en calidade de Arquitecto, para a actividade de taller de reparación e venda de maquinaria agroforestal, en Torre, 4 – Ribadulla (Santa Cruz), neste termo municipal (Expediente municipal número: 2018/U019/000002).

Visto o disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas e demais de aplicación.

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do expediente, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento do inicio da actividade de taller de reparación e venda de maquinaria agroforestal, en Torre, 4 – Ribadulla (Santa Cruz), neste termo municipal, nos termos declarados por David Fontao Navaza e conforme á documentación técnica achegada de data marzo de 2021.

2º.- Aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenden a trescentos cincuenta euros (#350,00#), xa ingresadas na tesouraría municipal.

3.2. - Declaración responsable cambio de titularidade licenza de actividade de café-bar en San Fins de Sales (Expediente núm. 2021/U020/000007)

Dáse conta da declaración responsable achegada por dona Eva María Sánchez Serto de cambio de titularidade da licenza de Café-Bar en Cornado, 12 – Sales (San Fins), denominada comercialmente “A taberna do Souto” .Expediente número 2021/U020/000007.

A Xunta de Goberno Local á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por dona Eva María Sánchez Serto do cambio de titularidade da licenza mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes que deberán ser ingresadas na tesouraría municipal.

3.3.-Declaración responsable cambio de titularidade licenza de actividade de restaurante de un garfo en Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm. 2021/U020/000008)

Dáse conta da declaración responsable achegada por José Manuel Veiga Landeira de cambio de titularidade de licenza de Restaurante de 1 garfo en Agrelo, 11 Ribadulla



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



(Santa Cruz), neste termo municipal, denominada comercialmente Finca Aldea Grande. Expte.: número 2021/U020/000008.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por José Manuel Veiga Landeira do cambio de titularidade da licenza mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes que deberán ser ingresadas na tesourería municipal.

4.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra durante o ano 2021.

Dáse conta da convocatoria das citadas subvencións, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 168/2021, de data 24 de marzo, e publicada con data 30 de marzo no BOP e no taboleiro de anuncio da Casa do Concello e da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.vedra.es>)

De acordo coa proposta da comisión de valoración, en función dos criterios establecidos na base 7ª das reguladoras das citadas subvencións, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, modificadas por acordo plenario do 27 de marzo de 2019 (BOP núm. 77/189, do 24 de abril), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO- Conceder as seguintes subvencións:

SOLICITANTE	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO CIF:G15138050	Escola de Música e Baile Tradicional 2021	2.000,00 €
ASOC. BERENGUELA POLA IGUALDADE CIF:G70154794	IV Andaina Polo Bo Trato	1.500,00 €
ASOCIACIÓN RAICEIROS CIF:G15808645	Raiceiros 20 anos	2.000,00 €
ASOC. MEDIOAMBIENTAL DE VEDRA "AMABUL" CIF:G159252209	Escola Ambiental Amabul 2021	2.000,00 €
ANPA "A BOCA" DO CPI PLURILINGUE DE VEDRA CIF: G15201684	Actividades formativas sobre ciencia e natureza 2021	750,00 €
ANPA VAL DO ULLA DO CRA BOQUEIXÓN-VEDRA "NEIRA VILAS" CIF:G70132188	Maxia e Ciencia 2021	750,00 €
ANPA CEIP ORTIGUEIRA CIF:G15422694	Acamparte 2021	2.000,00 €
ASOC. CULTURAL CRUCEIRO DA ULLA CIF: G15587587	Gundián Vivo 2021	1.000,00 €
TOTAL		12.000,00



SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ás entidades beneficiarias das mesmas e publicalo na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello, de acordo co establecido na base 11 das reguladoras das subvencións.

TERCEIRO.- As entidades beneficiarias deberán xustificar as axudas, unha vez rematadas as actividades ou programa obxecto da mesma, mediante a presentación da documentación establecida na base 13 das reguladoras das mesmas, entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2022.

5º.- Padróns fiscais.

5º.- Aprobación definitiva dos Padróns Fiscais de taxas municipais do exercicio 2021.

5.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 24/10/2012, BOP núm. 245 do 26/12/2012). Expediente electrónico 2021/X999/000008.

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2021*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 63, do 07/04/2021) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas, a instancia de parte interesada, durante os mencionados períodos: 2 cambios de titularidade acordados por Resolucións da Alcaldía núm. 203/2021 e núm. 204/2021, ambas ditadas o 22 de abril.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención con data 10/06/2021, indicando que no expediente se cumpriron, respecto da devindicación e esixibilidade da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente citado e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2021* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zumalave Sorribas, José- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 2.112 (dúas mil cento doce).

Número de liquidacións con importe igual a cero euros: 1 (unha).



Número total de recibos a emitir: 2.111 (dous mil cento once).

Importe total do Padrón: 161.156,31 € (cento sesenta e un mil cento cincuenta e seis euros e trinta e un céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

5.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004, modificada por acordo plenario de data 29/10/2020, BOP núm. 222 do 28/12/2020). Expediente electrónico 2021/X999/000009.

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2021*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 63, do 07/04/2021) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, de que non se realizou ningunha actuación de xestión tributaria durante os mencionados períodos.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención con data 10/06/2021, indicando que no expediente se cumpriron, respecto da devindicación e esixibilidade da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos (non presentándose ningunha neste exercicio).

Visto o expediente citado e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2021* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 602 (seiscentas dúas).

Número total de recibos a emitir: 602 (seiscentos dous).

Importe total do padrón: 40.593,00 € (corenta mil cincocentos noventa e tres euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

6º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2021/6 (expediente electrónico núm. 2021/X999/000082), que ascende a un importe total de 136.500,51 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Vista a citada relación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar todas as facturas contidas na mesma.

7º.- Aprobación gastos de persoal

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 3 de xuño, de fondo social, asistencia ás mesas de contratación, asistencia a mesas de selección de persoal, asistencia á mesa avaliadora de axudas PEL-Reactiva e quilometraxe de traballadores municipais, por importe de 3.128,93 euros.

8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de maio:

DECRETO	DATA	ASUNTO
230	03/05/2021	Aprobación padrón fiscal taxa abastecemento de auga do 1º trimestre de 2021
231	03/05/2021	Aprobación modificado do proxecto de Ampliación da rede de abastecemento en Afós –Eiravedra (POS `+ Adicional 1/2019)
232	03/05/2021	Concesión axuda de emerxencia social
233	03/05/2021	Baixa no Programa de conciliación Conxuga, modalidade de madrugadores, de UGI para o curso 2020/2021
234	03/05/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
235	04/05/2021	Inicio expediente baixa de oficio no padrón municipal de habitantes de I.G.C
236	04/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 3 de Silvaescura –San Fins de Sales
237	04/05/2021	Pago bonos alimentos a supermercados
238	04/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 6 de Silvaescura –San Fins de Sales
239	04/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 11 de Silvaescura –San Fins de Sales
240	04/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 4 de A Retorta –Ponte Ulla
241	04/05/2021	Alta no servizo de saneamento da vivenda núm. 1 de Neira de Arriba – San Mamede de Ribadulla
242	04/05/2021	Listaxe provisional admitidos/as, e excluídos/as EIM curso escolar 2021/2022
243	05/05/2021	Acordo de solicitude de subvención para a promoción do uso da lingua galega á Secretaría xeral de Política Lingüística
244	06/05/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
245	07/05/2021	Aprobación xustificación de gastos polos beneficiarios das axudas do PEL –REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña
246	07/05/2021	Lista definitiva admitidos/as vacante xardinería/oficial de segunda do PEL –Deputación 2021
247	10/05/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
248	10/05/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
249	11/05/2021	Pago bonos alimentos ao supermercado
250	13/05/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
251	13/05/2021	Requirimento titular de parcela xestión da biomasa
252	14/05/2021	Contratación posto vacante xardineiro/oficial segunda do PEL-Deputación 2021
253	14/05/2021	Requirimento titular de parcela limpeza da mesma



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



254	14/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 10 de Castro – San Andrés de Illobre
255	14/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 1 de A Retorta –Ponte Ulla
256	14/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 6 de Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
257	14/05/2021	Clasificación ofertas licitación contrato de prestación do servizo de limpeza dos locais municipais (lote 1 e lote 2) e requirimento ao mellor clasificado, Limpiezas Faro, S.L (oferta integradora)
258	14/05/2021	Expediente modificación de créditos 5/2021 (xeración)
259	18/05/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
260	18/05/2021	Listaxe definitiva admitidos/as, e excluídos/as EIM curso escolar 2021/2022
261	19/05/2021	Aprobación autoliquidación do 1º cuadrimestre de 2021 do canon da auga e tramitación ante Augas de Galicia
262	20/05/2021	Listaxe definitiva admitidos/as, excluídos/as, designación de tribunal e data de celebración do 1ª exercicio da praza de técnico/a de xestión económica (funcionario/a)
263	20/05/2021	Aprobación expediente de contratación da obra Mellora de camiños rurais 2021 (Plan de mellora de camiños municipais de acceso á parcelas agrícolas 2021-2022) Exp. 2021/C003/000006
264	20/05/2021	Expediente modificación de créditos nº 6/2021 (xeración)
265	24/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 14 de Reboredo –Ponte Ulla
266	24/05/2021	Autorización e conexión á rede de abastecemento da vivenda núm. 13 de Silvaescura –San Fins de Sales
267	24/05/2021	Adxudicando a Oviga, S.L a obra de Acondicionamento de espazo verde público en Fontao, incluída no POS + Adicional 1/2019 (Exp. 2021/C003/000002)
268	24/05/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
269	24/05/2021	Aprobación modificado nº 1 do Proxecto modificado de Colectores Xerais e edar de Vedra (POS +2019)
270	24/05/2021	Acordo sobre procesos selectivos do concello: entrevistas persoais
271	26/05/2021	Adxudicando a Limpiezas Faro, S.L o contrato de limpeza de locais municipais: lote 1 e lote 2 (oferta integradora) (Expediente núm. 2021/C004/000001)
272	26/05/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
273	27/05/2021	Listaxe provisional admitidos/as programa de conciliación Conxuga, modalidade vacacións lúdicas 2021
274	27/05/2021	Aprobación nómina mes de maio
275	28/05/2021	Aprobación cota de socio da Asociación de municipios do Camiño de Inverno. Anualidade 2021
276	28/05/2021	Aprobación cota de socio da Asociación Camiño Miñoto Ribeiro. Anualidade 2021
277	28/05/2021	Aprobación devolución de ingresos indebidos por ingreso duplicado da taxa por expedición de licenzas urbanísticas
278	28/05/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
279	31/05/2021	Aprobación certificación única da obra de Pavimentación de camiños en A Retorta, CP-8902 a Tomonde e Neira de Arriba do Plan marco de mellora de camiños 2020/2021, e factura da empresa adxudicataria, Antonio Filloy, S.A
280	31/05/2021	Baixa na EIM curso 2020/2021 da menor A-E. P.F

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

9º.- Outros asuntos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 10-06-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		
				Año Proyecto	Org. RC,A,D	Importes			Conceptos Descuento	Importes Euros	Importe Fac. Euros
						Euros	Euros				
F/2021/425 05/03/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao campo de fútbol de Santa Cruz. Período 01/02/2021-28/02/2021	FE21321351685407 04/03/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	341	22100		232,50			232,50
F/2021/426 05/03/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á casa da Terceira Idade. Período 01/02/2021-28/02/2021	FE21321351685483 04/03/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	231	22100		181,34			181,34
F/2021/562 06/04/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao campo da festa de Dozar-San Miguel. Período: 01/02/2021 - 28/02/2020.	FE21321351685408 04/03/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	334	22100		137,12			137,12
F/2021/605 06/04/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao CPI de Vedra. Período: 02/02/2021 - 28/02/2021.	FE21321351746820 05/03/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	320	22100		1.283,13			1.283,13
F/2021/606 06/04/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á casa do concello. Período: 01/02/2021-28/02/2021	FE21321351746819 05/03/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22100		410,23			410,23
F/2021/627 08/04/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á casa da Terceira Idade. Período: 01/03/2021-31/03/2021	FE21321353990235 07/04/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	231	22100		210,85			210,85

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 10-06-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -			
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes	Conceptos Descuento	Importes
								Euros		Euros		Euros
F/2021/628 08/04/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao campo de fútbol de Santa Cruz. Período 01/03/2021-31/03/2021	FE21321353990152 07/04/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	341	22100		326,83			326,83	
F/2021/679 14/04/2021	A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao bombeo de Neira de Abaixo. Período: 01/03/2021-31/03/2021	FE21137009267170 11/04/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	160	22100		114,95			114,95	
F/2021/680 14/04/2021	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á pista de rodadura de Vedra. Período: 20/01/2021 - 18/03/2021	FE21321354483927 13/04/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	341	22100		9,03			9,03	
F/2021/697 19/04/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico Ibercom na casa consistorial (cotas de abril/2021 e tráfico de marzo/2021)	TA6P50000158 19/04/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		278,38			278,38	
F/2021/698 19/04/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Instalación, xestión, mantemento e arrendamento router e alta ADSL 981503138 na casa consistorial mes marzo/2021	TD-D1TG-103722 19/04/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		267,89			267,89	
F/2021/733 01/05/2021	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico fusión empresas 2014 con 11 liñas facturadas (cotas e período 18/03/2021-17/04/2021)	28-E1M0-002555 01/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		306,13			306,13	

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 10-06-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -			
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes	Conceptos Descuento	Importes
								Euros		Euros		Euros
F/2021/734 01/05/2021	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 39 extensións móbiles (período 19/03/2021-18/04/2021 e cotas 04/2021)	28-E1U1-006849 01/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		619,52			619,52	
F/2021/735 01/05/2021	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 20 extensións fixas (período 18/03/2021-17/04/2021 e cotas 04/2021)	28-E1U1-086147 01/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		6,43			6,43	
F/2021/759 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico no salón de plenos da casa consistorial (cotas de maio/2021 e tráfico de abril/2021)	TA6NT0011635 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		58,43			58,43	
F/2021/760 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico na biblioteca municipal (cotas de maio/2021)	TA6NT0011638 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	3321	22200		62,46			62,46	
F/2021/761 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo de fax no departamento de servizos sociais (cotas de maio/2021 e tráfico de abril/2021)	TA6NT0011626 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	231	22200		22,49			22,49	
F/2021/762 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico liña 981503138 na casa consistorial (cotas e voz liña individual mes maio/2021)	TA6NT0011636 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		17,40			17,40	
F/2021/763 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas de maio/2021 e tráfico de abril/2021)	TA6NT0011628 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	920	22200		17,80			17,80	

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 10-06-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -			
				Año Proyecto	Org. Econ.	Prog. RC,A,D		Importes	Conceptos Descuento	Importes	Importe Fac.
							Euros	Euros		Euros	Euros
F/2021/764 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico na casa da Terceira Idade (cotas de maio/2021 e tráfico de abril/2021)	TA6NT0011633 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	231	22200		26,40			26,40
F/2021/765 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas mes maio/2021)	TA6NT0011634 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	334	22200		190,91			190,91
F/2021/766 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico na axencia de lectura de Santa Cruz (cotas de maio/2021 e tráfico de abril/2021)	TA6NT0011637 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	334	22200		71,40			71,40
F/2021/768 05/05/2021	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico na escola de música de Santa Cruz (cotas de maio/2021)	TA6NT0011631 04/05/2021	Contabilizada ALCALDÍA	2021	320	22200		26,40			26,40
